

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A INTEGRACIÓN DE FONDOS NO REPOSITORIO DE GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18 de abril ata o 31 de Decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A incorporación das coleccións dixitalizadas e doutros materiais que posúe o Consello da Cultura Galega ao repositorio de Galiciana-BDG, coa finalidade de mellorar o acceso da cidadanía a eses recursos e que a súa presenza na rede sexa maior grazas a súa inclusión nos proxectos Hispana e Europea.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é a responsable de crear e manter Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia, o repositorio do patrimonio bibliográfico galego na Internet. É ademáis a responsable de manter relación de colaboración con outros centros ou organismos que compartan obxectivos de conservación e difusión do patrimonio bibliográfico galego.

Pola súa parte o Consello da Cultura Galega recuperou importantes fondos documentais e sonoros da cultura galega. Dentro destas tarefas de recuperación, dixitalizou diversas publicacións periódicas, principalmente editadas polas colectividades galegas no exterior. Tamén realizou a dixitalización de fondos documentais de carácter persoal, principalmente epistolarios de personalidades destacadas de Galicia. Do mesmo xeito, dixitalizou moitos materiais pertencentes ao acervo cultural da emigración galega en América, que se localizan no Arquivo da Emigración Galega. E igualmente conserva no Arquivo Sonoro de Galicia diferente documentación sonora.

Da combinación entre os documentos dixitalizados polo Consello da Cultura Galega, e as novas tecnoloxías que posúe o repositorio promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria podería verse beneficiada a cidadanía se as coleccións completas desas publicacións, así como outros materiais dixitalizados, estivesen accesibles en Galiciana-BDG.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao perceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 18 de abril de 2017